



Contidos

PROXECTO: UN BAI XO MIÑO PARA TOD@S	2
Accesibilidade Universal	2
QUÉ OBXECTIVOS PERSEGUIMOS?	2
PARA QUÉ?	2
CÓMO O ESTAMOS FACENDO?	3
POR QUÉ?	7
A IMPORTANCIA DA ACCESIBILIDADE: a falta de accesibilidade na discapacidade intelectual. A gran esquecida	7
FASES DO PROXECTO	11
FASE I: TRANSFERENCIA DO PROXECTO Á COMARCA DO BAIXO MIÑO	11
FASE II: IMPLEMENTACIÓN DO PROXECTO	11
FASE III: PROPOSTAS EN MATERIA DE ACCESIBILIDADE	12



PROXECTO: UN BAIXO MIÑO PARA TOD@S

Accesibilidade Universal

QUÉ OBXECTIVOS PERSEGUIMOS?

As persoas que formamos o Centro San Xerome Emiliani e Centro Juan María, coa colaboración dos Concellos de Tomiño, A Guarda, Tui, Oia, O Rosal e Nigrán, Jacinto Lareo e outras persoas, queremos promover a **INCLUSIÓN** das persoas con discapacidade intelectual mediante o desenvolvemento de accións informativas, de análise, de adaptación, de validación e divulgativas de interese social sobre a **ACCESIBILIDADE UNIVERSAL** e participando de forma activa en grupos de traballo, en materia de accesibilidade, para **ADAPTAR** espazos de nosa contorna.

PARA QUÉ?

- 1) Para facer partícipe e coñecedora a sociedade da realidade e capacidades das persoas con discapacidade.
- 2) Para favorecer a interacción das persoas con discapacidade intelectual coa contorna mediante o proceso de mellora da accesibilidade dos espazos.



3) Para favorecer a toda a sociedade (persoas con discapacidade intelectual, estranxeiros, persoas maiores...) no acceso ós servizos da comunidade, adaptando espazos para que a información chegue mellor ea máis persoas.

CÓMO O ESTAMOS FACENDO?

Existe un gran descoñecemento sobre as barreiras coas que se atopan as persoas con discapacidade intelectual á hora de acceder á contorna que as rodea.

- As barreiras físicas impiden o acceso físico a determinados espazos.
- As barreiras sensoriais impiden o acceso á información a través dos sentidos.
- As barreiras cognitivas impiden a comprensión da contorna e os seus elementos.

As persoas que formamos o Centro San Xerome Emiliani e Centro Juan María, a través de "UN NIGRÁN PARA TOD@S" e "BAIXO MIÑO PARA TOD@S" queremos divulgar a importancia da accesibilidade para as persoas con discapacidade intelectual, no so porque así o estableza a lei de accesibilidade de Galicia con entrada en vigor marzo 2015, senón porque é un beneficio para toda sociedade.



Nós considerámolo moi importante, polo que comezamos a definir as nosas liñas de acción baseadas no traballo en rede promovido dende o Centro Juan María de Nigrán, o cal tense sumado tamén o Centro San Xerome Emiliani de A Guarda:

1) REALIZANDO LABORES DE DIFUSIÓN E CONCIENCIACIÓN:

- a. XORNADAS INFORMATIVAS (A 1ª Xornada foi realizada o 23 de outubro de 2015) sobre a importancia da accesibilidade universal e dando a coñecer a lei de accesibilidade de Galicia con entrada en vigor en marzo de 2015; colaboraron na Xornada: profesionais e usuarios do Centro Juan María (Ponencia sobre experiencias previas na accesibilidade da información con (<http://centrojuanmaria.wix.com/reporterosenred> e <http://blogs.prensaescuela.es/ceejuanmariaunblogparatodos/>), JACINTO LAREO (Profesor de dereito administrativo na facultade de Dereito de Vigo-avogado DOCENCIA DE BARREIRAS ARQUITECTÓNICAS no máster DUMA (Dereito urbanístico e do medio ambiente) da Facultade de Dereito de Ourense, Coordinador e Director de



cursos de dereito da accesibilidade na facultade de Dereito, Membro numerario do Instituto de Estudos vigueses e Coordinador do Libro “Foro Universitario sobre el año europeo de las persoas con discapacidade”).

Colaboran tamén ALFONSO CUEVAS arquitecto implicado en “Un diseño para todos”, JOSÉ MARÍA CRIADO DEL REY avogado experto en discapacidade intelectual.

- b. ELABORACIÓN DA 7ª EDICIÓN DA REVISTA EN LECTURA FÁCIL “AÍNDA TEMOS MOITO QUE ANDAR” elaborada polo taller do Servizo de Adultos do San Xerome Emiliani(<http://sanxerome.com/web/presentacion-do-taller-de-revista/>).

2) CREACIÓN DE MESAS DE TRABAJO COS CONCELLOS formado polo Concello de Nigrán (Alcalde e Concelleiro de Urbanismo), as persoas colaboradoras e persoas do Centro Juan María para analizar e adaptar o entorno de Nigrán (reunións mensuais para consensuar propostas de mellora en materia de accesibilidade).



Tamén, no mes de xullo, dende San Xerome Emiliani estivemos organizando reunións co obxectivo de crear outras mesas de traballo cos Concellos do Baixo Miño para analizar, adaptar e presentar propostas de accesibilidade na contorna de A Guarda, O Rosal, Tomiño, Oia e Tui.

Estas propostas de mellora son o resultado das aportacións DOUTROS GRUPOS DE TRABALLO que temos creado sobre accesibilidade universal en cada un dos centros:

- **Grupo de observación:** persoas usuarias da asociación acompañadas por diferentes profesionais do Centro, visitan diferentes espazos (comezando polo edificio do Concello) e cubren unha ficha de observación.
- **Grupo de análise:** persoas usuarias da asociación acompañadas por diferentes profesionais, visitan os mesmos espazos que o grupo anterior. Este grupo encárgase de contrastar a ficha de observación anterior, trasladando datos á ficha de análise e



traballando en propostas mellora deses espazos (como propor adaptacións de textos informativos, de sinalética e máis).

- **Grupo de validación:** persoas usuarias da asociación acompañadas por diferentes profesionais do Centro validan a proposta de mellora antes de levala á mesa de traballo no Concello.

3)COMPARTIR E TRABALLAR EN REDE CON OUTRAS

ENTIDADES: para que o alcance da concienciación sobre a accesibilidade sexa maior. Para isto, traballamos de maneira transversal no proxecto transfronteirizo entre Cerveira e Tomiño na área de Acción Social.

POR QUÉ?

A IMPORTANCIA DA ACCESIBILIDADE:a falta de accesibilidade na discapacidade intelectual. A gran esquecida.

A accesibilidade á información é hoxe en día unha das primeiras liñas de traballo de moitas entidades que



traballan con persoas con discapacidade. O reto destas entidades é conseguir que o acceso á información non sexa un obstáculo engadido para a inclusión de calquera persoa con discapacidade.

Cando se fai referencia ás necesidades de accesibilidade, ademais das físicas e sensoriais, se documentan as seguintes como as máis comúns e necesariamente abordables, pero a miúdo NON se contemplan:

- Iconas ou sinalética non habitual ou confusa: ¿quén non se ten atopado ante as portas duns baños públicos nos que non é posible descifrar cal corresponde a cada sexo?
- Persoas con dificultades para entender planos e esquemas.
- Persoas con dificultades para orientarse.
- Persoas que non saben ler.
- Nenos pequenos, con pouco vocabulario e poucas destrezas intelectuais.
- Cando algunha persoa está nun país que non é o seu e non entende a lingua local.

Temos a responsabilidade de crear conciencia das necesidades reais das persoas con discapacidade intelectual



en canto á accesibilidade, así como crear ferramentas accesibles e cun deseño universal, do cal todas as persoas se beneficiarían, teñan discapacidade ou non.

Todas as persoas teñen o dereito de ser partícipes activos da sociedade, deste modo, as persoas que formamos o Centro San Xerome Emiliani e Centro Juan María queremos colaborar no proceso de formar unha contorna máis accesible.

Temos como referencia a Convención das Nacións Unidas sobre os Dereitos das persoas con discapacidade do 13.12.2006, ratificada por España o 13.12.2008 e publicada no BOE o 21.4.2008, por tanto de obrigado cumprimento polo Estado Español no seu artigo 4º: promover a formación e divulgación do contido da presente convención.

Así tamén, a Unión Europea elaborou a "estratexia europea sobre la discapacidade 2010-2020"na que se recolle a conveniencia da súa divulgación.

E no Real Decreto legislativo 1/2013 fálase da lei xeral de dereitos das persoas con discapacidade e da súa inclusión social, e nos artigos 70 e 72 sinálanse medidas de divulgación e de iniciativa privada para plans e proxectos de accesibilidade.



Como tamén menciona a lei 10/2014 de Accesibilidade de Galicia en vigor dende el 17.3.2015 na súa disposición adicional terceira:

"... se promoverán campañas informativas e educativas dirixidas á poboación en xeral... fomentarse a realización de xornadas, cursos e publicacións dirixidas a responsables políticos, funcionarios, técnicos, colectivos de persoas con discapacidade co fin de divulgar o contido da presente lei".

A importancia deste proxecto está xustificada en toda a normativa referida ás persoas con discapacidade e fai especial mención á necesidade de divulgar esta materia en base a unha concienciación colectiva para así coñecer mellor as circunstancias das persoas con discapacidade.

Pensamos que a mellor forma de informar e concienciar é ir facendo e dicir o que estamos facendo.

Por iso, cremos que "UN BAI XO MIÑO PARA TOD@S" pode constituír unha labor moi importante na nosa comunidade, facilitando ferramentas que favorezan o acceso e convivencia entre os diferentes colectivos sociais.



FASES DO PROXECTO

Para a execución do proxecto, temos contemplado o desenvolvemento das seguintes fases:

FASE I: TRANSFERENCIA DO PROXECTO Á COMARCA DO BAIXO MIÑO

- Creación dos equipos de traballo na asociación.
- Presentación do proxecto ós representantes dos diferentes concellos.
- Recollida de necesidades observadas en materia de accesibilidade.
- Difusión da iniciativa nos medios de comunicación (prensa, redes sociais, etc.).

FASE II: IMPLEMENTACIÓN DO PROXECTO

- Formación dos participantes.
- Establecemento das primeiras liñas de acción dos grupos de traballo:
 - Accións dos grupos de observación e análise.
 - Accións na comunidade de concienciación, información, formación, etc sobre accesibilidade universal en colaboración cos concellos (charlas, ponencias, foros, etc.).



- Reunión conxunta mensual coas persoas responsables dos concellos para realizar o seguemento do proxecto.
- Recollida de necesidades observadas en materia de accesibilidade.
- Difusión nos medios de comunicación (prensa, redes sociais, etc.).

FASE III: PROPOSTAS EN MATERIA DE ACCESIBILIDADE

- Elaboración da documentación a presentar por parte do grupo de validación do centro.
- Reunión conxunta coas persoas responsables dos concellos para presentación da documentación (periodicidade segundo teñamos finalizadas as propostas; ver “plan de traballo”).
- Implementación das propostas valoradas oportunas nos concellos.
- Recollida de necesidades observadas en materia de accesibilidade.
- Difusión nos medios de comunicación (prensa, redes sociais, etc.).

Unha vez rematadas as propostas de adaptación vinculadas ó edificio do concello, poderán estudarse novas iniciativas/ espazos da nosa comarca susceptibles de accións que melloren a accesibilidade dos mesmos, someténdose á metodoloxía de traballo por fases descrita anteriormente.



centro
Juan María

San
Xerome Emiliani

